



PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ENTIDADE CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A ACTIVIDADE FORMACIÓN EN MATERIA SANITARIA E PRIMEIROS AUXILIOS DIRIXIDA A ENTIDADES DEPORTIVAS DA CIDADE DA CORUÑA, ASÍ COMO APOIO SANITARIO MEDIANTE AMBULANCIA E OUTROS MEDIOS PARA EVENTOS DEPORTIVOS ORGANIZADOS POR ENTIDADES DEPORTIVAS NA CIDADE DA CORUÑA

Na cidade da Coruña

ASINANTES:

Dunha parte, Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con NIF P1503000J, de conformidade co que dispón o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistida da oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, que dá fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da mesa lei.

E doutra, Manuel Antonio Viqueira Vereza, como presidente da entidade Cruz Roja Española, NIF Q2866001G, e con domicilio social na rúa Cruz Roja Española, 1, 15002 A Coruña.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

- I. Que o Concello da Coruña, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). En todo o caso, exercerá como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, a materia de promoción do deporte.
- II. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda a disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das persoas beneficiarias, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, para o que a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen, e que a conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou de promoción dunha finalidade pública.
- III. O obxecto das subvencións reguladas na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar é a realización da promoción do deporte e outras actividades físicas.
- IV. Que o Concello da Coruña entende que a actividade da entidade Cruz Roja Española é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o Anexo de subvencións nominativas do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022, expediente M2/2023, recolle unha subvención de carácter nominativa a favor desta entidade por un importe de 15.000,00 €, coa finalidade de contribuír á realización da actividade: Formación en materia sanitaria e primeiros auxilios dirixida a entidades deportivas da cidade da Coruña, así como apoio sanitario mediante ambulancia e outros medios para eventos deportivos organizados por entidades deportivas na cidade da Coruña.
- V. Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.
- VI. Que, posto que se puido iniciar o procedemento de concesión de oficio ou por petición da entidade, a requirimento municipal, a entidade Cruz Roja Española presentou no Rexistro electrónico a documentación necesaria para a subscripción do convenio.



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES – SERVIZO DE DEPORTES

Unidade Administrativa

Referencia: 522112023797 📁 211/2023/797 📄 211171065X

Unha vez que se comprobou o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións por parte da entidade Cruz Roja Española e por todo o exposto, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente convenio regular a colaboración entre o Concello da Coruña e Cruz Roja Española coa finalidade de contribuír á: Formación en materia sanitaria e primeiros auxilios dirixida a entidades deportivas da cidade da Coruña, así como apoio sanitario mediante ambulancia e outros medios para eventos deportivos organizados por entidades deportivas na cidade da Coruña, a desenvolver nas seguintes datas: ano 2023.

SEGUNDA.- Actuacións que corresponden ao Concello da Coruña

O Concello da Coruña comprométese a:

1. Outorgar unha transferencia corrente por importe de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 52.341.48950.
2. Comprobar o cumprimento de todas as estipulacións establecidas neste convenio e no marco xurídico definido na LXS.

TERCEIRA.- Obrigas da beneficiaria

A entidade Cruz Roja Española comprométese:

A confirmar a súa asistencia aos servizos solicitados polo Servizo de Deportes deste Concello cunha antelación, se for posible, de 10 días naturais. Igualmente, este Concello comprométese a informar a Cruz Roja Española cunha antelación de 24 horas se houber algún cambio nos servizos preventivos solicitados.

A prestar o seguinte servizo: asistir con ambulancia e outros medios de carácter preventivo sanitario, incluíndo os recursos materiais e persoais, a eventos deportivos na cidade da Coruña do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 decembro de 2023 ata un máximo de 210 horas de actividade cunha duración media de 5 horas por cada solicitude de prestación, para o que se contabilizan 4 horas de actividade efectiva e 1 hora de preparación e xestión.

A prestar unha única formación de manexo de DESA para entidades deportivas municipais da cidade da Coruña.

A destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade Formación en materia sanitaria e primeiros auxilios dirixida a entidades deportivas da cidade da Coruña, así como apoio sanitario mediante ambulancia e outros medios para eventos deportivos organizados por entidades deportivas na cidade da Coruña, que se desenvolverá no exercicio 2023.

A presentar a documentación xustificativa desta nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.

A lle comunicar ao Concello, por escrito e no prazo máximo **dun mes** desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo o caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.

A conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

A reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

A que todo o persoal adicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, para o que asina a declaración responsable que está incluída no formulario de solicitude.



Ao cumprimento do disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e da eliminación de estereotipos) e no art. 42 (subvencións públicas) da Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade (BOP núm. 204, do 25 de outubro de 2019).

A que a comunicación e a produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) de toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña deberá estar en lingua galega, segundo o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de xuño de 2021).

En relación á **publicidade** da axuda concedida polo Concello da Coruña, en todas as actividades organizadas directamente pola súa entidade deportiva e que garden relación co obxecto do presente convenio, a facer constar explicitamente o logotipo do Concello da Coruña en todo o tipo de publicidade e información relativa ás actividades e proxectos subvencionados que leven difusión e publicación, especialmente en toda a publicidade que realice a entidade a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluídas as RRSS e páxina web para a difusión da súa actividade, en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e nos termos recolleitos no manual de utilización da imaxe corporativa (<https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>), e sinalar a colaboración do concello no seu financiamento. Así mesmo, deberase incluír na súa páxina web oficial unha ligazón á web <http://www.coruna.gal/deportes>. No caso de gastos de cartelería, dípticos e trípticos deberá achegarse un exemplar do modelo utilizado xunto coa conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello.

Sen prexuízo doutras accións publicitarias e informativas que desenvolva a entidade deportiva, **é obrigatorio que o logotipo do Concello da Coruña conste na indumentaria deportiva oficial do club**, en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos, se os houber. **Ademais, é obrigatorio dispor de 2 lonas de tamaño 2 x 0,80 metros e 2 fly banners de tamaño 3,70 de altura x 0,50 metros onde se recolla o logo do concello e que deberá estar nun lugar visible durante a realización de todas as actividades que se realicen en desenvolvemento do presente convenio.** Estes gastos poden ser custeados con cargo ao importe do convenio.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como gastos de persoal (salarios e Seguridade Social), de materiais e outros gastos xerais imputables directamente á actividade (materiais, seguro de ambulancia, combustible) e outros gastos xerais dentro das porcentaxes recolleitas no apartado a) desta cláusula.

En todo o caso, debe acreditarse de maneira fidedigna no correspondente xustificante de gasto que o dito gasto está directamente relacionado coa actividade.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. E ademais, a entidade beneficiaria non poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas coa primeira, agás que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a autorización previa do órgano concedente do seguinte modo:
 - o Solicitud por parte da interesada con carácter previo á execución da actividade subvencionada.
 - o Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando a/s terceira/s persoas coa/s que se contratará e o/s servizo/s que se recibe/n.



Poderase subcontratar ata o 50% do importe da actividade subvencionada. Porén, o réxime de subcontratación suxeitarase ao seguintes límites:

- No caso de subcontratacións nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexa con entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase coma gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada agás que este incremento lle supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros, é preciso que autorice o gasto previamente o órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser autorizada a subcontratación polo órgano concedente da subvención sempre que se acredite que se efectúa a prezos de mercado.

Con todo o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña una porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, só se poderán imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, e estes acreditaranse cos correspondentes xustificantes de gasto e do pagamento efectivo deles. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral, salvo que se acredite de maneira fidedigna nos xustificantes de gastos de que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.
- b) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos e serán subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta.

QUINTA.- Financiamento e pagamento

A actividade financiarase en todo ou en parte coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da LXS enténdese que o Orzamento xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento da LXS, sendo compatible a dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de



que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento de obrigações a favor da beneficiaria e o pagamento da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase unha resolución declaratoria da perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que o Concello realizará mediante a retención do pagamento, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata acadar esta contía. Unha vez que se efectúe a debida xustificación e de non existir responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizárselle o pagamento da subvención á beneficiaria en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA.- Xustificación.

A. Prazo

Será de dous meses que se contarán desde que finalice a actividade, ou ben desde a realización dos gastos, cando a entidade realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo o caso, deberase presentar no Rexistro electrónico a xustificación antes de que transcorran dous meses desde a finalización da vixencia do convenio.

B. Forma

Esta subvención nominativa está recollida no Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022, expediente M2/2023 e o seu importe é inferior a 60.000 euros. Polo tanto, sobre a base do artigo 75 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, establece a conta xustificativa simplificada como a forma de xustificación.

A conta xustificativa conterá a seguinte información:

- O impreso de solicitude de xustificación. A xustificación das desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial se procede, para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado. Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit desta. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, resolverase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.
- A memoria que acredite que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos resultados obtidos e grao de cumprimento de obxectivos. A beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada (anexo 1).
- O balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias (anexo 2). Deberá achegarse no formato PDF asinado e tamén en Excel (comprimido en formato ZIP).
- A relación clasificada e detallada dos gastos da actividade e numerados obrigatoriamente de xeito correlativo (1, 2, 3...) con indicación do acredor, NIF, número de documento xustificativo, data de emisión, importe, **concepto completo da factura desagregada que permita comprobar de maneira fidedigna o gasto feito** e a data de pagamento (Anexo J3). Deberá achegarse asinado en formato PDF e tamén en Excel (comprimido en formato ZIP).



- A certificación doutras axudas ou subvencións concedidas, solicitadas e/ou percibidas e os ingresos obtidos e/ou previstos para o desenvolvemento dos proxectos/actividades solicitadas por esta entidade para este convenio; deberá estar asinada pola secretaría co visto e prace da presidencia (Anexo J4).
- A documentación xustificativa que acredite o cumprimento da publicidade recollida na cláusula terceira, que sinala a colaboración do Concello no seu financiamento.
- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

C. Mostraxe de xustificantes

Comprobarase, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán a continuación, os xustificantes que se estime oportunos e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a aplicación adecuada da subvención, a cuxo fin se lle poderá requirir á beneficiaria, no prazo máximo de catro anos que se contarán desde que finalizase a presentación da conta xustificativa, a achega dos todos os xustificantes de gastos e os correspondentes pagos nos termos que se indican a continuación.

Criterios de mostraxe

- En todo o caso comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25 por 100 do importe da subvención concedida.

- Do resto dos xustificantes comprobarase unha mostra de elementos que, polo menos, supoña a seguinte porcentaxe respecto do número de elementos da relación da mostraxe:

- 1.º Ata 10 xustificantes: comprobarase o 100%.
- 2.º De 11 a 40 xustificantes: comprobarase o 50%.
- 3.º A partir de 41 xustificantes: comprobarase o 25%.

D. Requisitos dos xustificantes de gasto

Para tales efectos, deberase ter en conta sobre a xustificación do gasto as seguintes condicións:

- Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poden admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na AEAT cos modelos 111 e 190.
- No caso de que a subvención outorgada teña como destino o pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na AEAT cos modelos 111 e 190, así como os modelos 115 e 180 nos casos de arrendamentos.
- No caso de imputarse gastos de persoal: Nóminas, serán obrigatorios os documentos RLC (Relación de liquidación de cotizacións) e RNT (Relación nominal de traballadores) debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telemáticamente polo Sistema RED. Tamén serán obrigatorios o modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativo do pago á AEAT das retencións practicadas ao persoal traballador suxeito ao IRPF.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

E. Requisitos dos xustificantes de pagamento

No que se refire á xustificación dos pagos, deberase ter en conta o seguinte:



- Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.
- Os documentos de gasto deben acompañarse dos documentos bancarios ou contables que acrediten a efectividade do pago. Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais que se expoñen máis adiante, non permitan identificar claramente o gasto da finalidade deste convenio.
- Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse o recibo no que conste que ao emisor lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde, ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor deste acredite responsablemente co NIF e a sinatura que recibiu o importe e a data en que o recibiu.
- En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á citada cantidade, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, e deberase achegar xunto coa factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque, deberá achegarse ademais fotocopia deste, e igualmente extracto ou movemento bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.
- Estímase aconsellable que todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio se realicen “preferentemente” desde unha única conta bancaria da entidade; non poden subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxa titularidade non sexa da entidade.
- Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral directamente ou a través de empresa colaboradora e os órganos competentes en censura de contas.

SÉTIMA.- Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula terceira deste convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- No caso de xustificar fóra do prazo sinalado na cláusula sexta e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da LXS.
- Os demais supostos previstos na LXS e na Ordenanza xeral da Área de Benestar.

OITAVA.- A entidade Cruz Roja Española é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello, polo que este non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES – SERVIZO DE DEPORTES

Unidade Administrativa

Referencia: 522112023797 📁 211/2023/797 📄 211171065X

A entidade Cruz Roja Española obrígase a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, tributarias ou calquera outras, se precisen para o desenvolvemento da actividade.

NOVENA.- Vixencia do convenio.

A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023.

DÉCIMA.- Seguimento, vixilancia e control do convenio.

O seguimento do presente convenio de colaboración encoméndaselle ao Servizo de Deportes do Concello da Coruña.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
2. Resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse respecto do convenio.

UNDÉCIMA.- Causas de resolución do convenio.

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante o aviso cun comunicado previo de maneira fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DUODÉCIMA.- Natureza.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade asinamos este convenio na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa do Concello da Coruña

O presidente de Cruz Roja Española

Inés Rey García

Manuel Antonio Viqueira Verea

A oficial maior, dou fe,

María Esther Álvarez Martínez